

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE) PARA CONTINUAR COA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN "EX SITU" DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS AUTÓCTONOS DAS RAZAS OVELLA GALEGA, CABRA GALEGA E PORCO CELTA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN 2023\_2027.**

Esta Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia e, en consecuencia, nos programas de mellora xenética do gando, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a conservación dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia ameazados.

## **Antecedentes**

O 04.09.2025 asinouse o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE) para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación ex situ dos recursos zootécnicos autóctonos das razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Plan Estratéxico Da Política Agraria Común 2023\_2027. O convenio de colaboración foi subscrito no marco da subintervención 65052\_01 do Plan Estratéxico da PAC de España, para Galicia, para o período 2023-2027.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS  
SUBDIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA  
SERVIZO DE PRODUCIÓNS GANDEIRAS E BENESTAR ANIMAL  
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta  
15781 Santiago de Compostela  
T: +34 981 546 180  
[prodgandeiras.ssc.cmr@xunta.gal](mailto:prodgandeiras.ssc.cmr@xunta.gal)  
[mediorural.xunta.gal](http://mediorural.xunta.gal)



## Obxecto da addenda

Unha vez asinado o convenio, detectouse unha falta no Anexo I "Mecanismo de moderación de custos", no apartado "Persoal". A asignación do persoal de INORDE non debe ser especificada na moderación de custos, senón en función dos traballos realizados polo veterinario, os propios do coidado e mantemento dos rabaños e os correspondentes a parte administrativa e de xustificación.

Ademais, no Anexo II CADRO DE PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS E CUSTOS ANUAIS, establécense os conceptos e tipos de traballo obxecto das actuacións do convenio, onde se restrinxen as actuacións de persoal e outros gastos ás directamente relacionadas coa xestión do programa, coidado dos animais e instalacións e manutención dos animais, sen ter en conta os gastos relacionados xerais relacionados coas instalacións e persoal.

Tendo o anterior en conta, dentro do concepto "Outros gastos", ambas partes, no marco da execución do convenio, consideran conveniente engadir outros tipos de traballo necesarios, non tidos en conta anteriormente pero que son necesarios e están xustificados para o desenvolvemento do seu traballo, como son gastos de electricidade, auga, material de oficina, combustible e vehículo, relacionados co mantemento das instalacións como poden ser pequenos arranxos e adquisición de pequenos materiais necesarios para o coidado dos animais.

## Finalidade

A finalidade da addenda é modificar os ANEXOS I e II, emendando o erro apreciado no Anexo I así como incluíndo outros tipos de traballo nos gastos das actuacións no Anexo II:

- "Gastos varios", que serían:
  - o Gastos de electricidade, auga, material de oficina, combustible e vehículo, relacionados co mantemento das instalacións como poden ser pequenos arranxos e adquisición de pequenos materiais necesarios para o coidado dos animais.



### **A addenda ao convenio que se pretende asinar fundaméntase:**

Na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público., artigo 49.g).

A modificación proposta non causa prexuízo a terceiros.

Por outro lado esta addenda non supón gasto económico para a Dirección Xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, considerándose que para a sinatura desta addenda, mantéñense as condicións que motivaron a sinatura do convenio inicial subscrito o 4 de setembro de 2025.

De acordo co establecido no artigo 47.2 da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, a sinatura desta addenda non precisa de autorización previa do Consello da Xunta, ao non alterarse o obxecto do convenio nin comportar incremento do importe total das obrigas de contido económico nin do número de exercicios orzamentarios aos cales se imputan as ditas obrigas.

Por todo o anterior, solicítase a tramitación da addenda ao convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (INORDE) para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación ex situ dos recursos zoxenéticos autóctonos das razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Plan Estratéxico Da Política Agraria Común 2023\_2027. O convenio de colaboración foi subscrito no marco da subintervención 65052\_01 do Plan Estratéxico da PAC de España, para Galicia, para o período 2023-2027

O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Silvestre José Balseiros Guinarte

Asinado dixitalmente

